

157.

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



Decálogo do Nacionalismo Galego

- | | |
|---|--|
| I
Autonomía de Galicia. | VI
Sustantividade do dereito fo-
ral galego. |
| II
Autonomía municipal. | VII
A terra para os que a traba-
llen, e libre de gravames. |
| III
Co-oficialidade dos idiomas
galego e castelan. | VIII
Repoboación forestal forzosa. |
| IV
Igualdade de dereitos civís e
políticos para a muller e para o
home. | IX
Entrega á propiedade parti-
cular das terras incultas do Es-
tado. |
| V
Representación proporcional
e non elixibilidade dos que non
rindan función útil para a colec-
tividade. | X
Libre cambio. |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adiantados


Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA

FORD

Nova baixa de prezos postos en vigor

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas 4.480	4.230
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	» 6.300	6.070
VOITURETTE » 2 » » sin »	» 5.790	5.675
DOBLE FAETON » 5 » » con »	» 6.630	6.350
DOBLE FAETON » 5 » » sin »	» 6.125	5.965
SEDAN » 5 » (coche cerrado con arranque)	» 12.050	11.290
COUPE » 2 » » »	» 10.975	10.215
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	» 5.050	5.735

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, pol-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adequirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles


Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non admitindo devolta dempois da saída do almacén

Payo Gómez, 5 **A Cruña** **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 157 — 15 FEBREIRO 1922



Eirexa Colexiata de Santa María do Campo, na Cruña

Damos hoxe un dibuxo reproducíndoa tal como estaba antes de comenzar a súa non tan axeitada restauración, non sabemos se para ben ou para mal, inda sin lle dar romate.

Ao vela é o seu arcaico e rústico aspecto d'outrora, inda que a afeara, supoñemos que en moitos, como nos pasa a nós, fara rexurdir doces lembranzas dos primeiros anos da vida e que gardamos cal precíados recordos nos nosos corazóns, todol-os que, cal eu, hoxe peiteamos canas.

A súa pranta basilical, as súas tres naves de cinco vanos, románicas as laterás e oxival a central, dinnos a vellez da eirexa, calado testigo da vida da nosa cidade. De traza románica, como n-ela mistúrase o oxival, cal se ven as fermosas portas travesas, disposición e aire do edificio, no pode levarse a súa construción máis alá dos derradeiros anos do século XIII. A sillería do coro e sencilla e do Renacemento.

E posterior á de Santiago e parece foi levantada no lugar que ocupou antiga capela. Unha inscrición da bóveda dá a data da súa terminación a 15 de Julio de 1407.

Chamouse "do Campo" por estare fora das murallas; "do Portal" pol-a imaxen da Virxen que n-ela había, e actualmente vese unha capela do interior, a man dereita, e "do Mar" pol-a moita devoción que lle tiñan as xentes mariñeiras.

Unha proba da riqueza da Cruña nos tempos medios eran as campas do adro e do cimiterio que alí estiveron hasta que se fixeron as novas obras.

Entre dos enterramentos que hay no seu interior teñen de se sinalar o da capela maor, lado do Evanxelio, con estatua xacente de vestimenta sacerdotal ou pontifical que se cree de Fernando Bermúdez de Castro, abad que foi da Colexiata.

Do lado do altar do Santísimo Cristo, na nave lateral hay outra sepultura con dúas estatuas, unha de cabaleiro e outra de ricafemia. No escudo lese o apelido Andeiro e foi de esta familia de Cabaleiros cruñeses; pero non háchase n-ela as cinzas do famoso Conde de Ouren como algúns maxinan, senon tal vez as do que Vasco de Apunte, no seu "Nobiliario", nos di que Gómez Pérez das Mariñas cortoulle a cabeza por se lle alzar co a Pescadería.

Tamén no ano 1909 descubriuse, tras do retablo do altar da Visitación, unha sepultura do primeiro do século xv. Pol-a lápida de mármore encravada no tímpano sópuse sere o enterramento do *Rodericus Michaelis* (Rui Miguelez), de que nos fala o "Decreto" de creación da Colexiata dado pol-o arzobispo de Santiago no ano 1441 "viendo que la iglesia era de buen edificio y ornato" resolución confirmada pol-o Papa Uxio IV no mesmo ano. Alfonso o Sabio a erixira parroquial no 1252. As armas da Colexiata teñen un xerro con lirios e aluden a Asunción da Nosa Señora.

Conta con boas imaxens e unha Magdalena que se cree do gran Ferreiro. Consérvase n-ela o *Divino Rostro* que estaba nunha das portas dos muros da cidade vella.

Posee valiosos obxectos de orfebrería de gran mérito artístico. Pol-a importancia arqueolóxica da eirexa e por que ela refrexou o grado de cultura e adianto da Cruña no tempo en que foi construída é digna de maor recordo do que hoxe lle adicamos.

Acerca da historia d'este vello templo e do seu valor arqueolóxico publicou unha interesante monografía o que foi seu abade, noso inolvidable amigo D. Ramón Bernárdez, de grata lembranza para todos. Leva o libriño o pe de imprenta de Tuy, ano 1892.

Os novos aranceles e Galicia

Outro agravio mais a nosa terra

Os novos aranceles con que o goberno actual está facendo a ruina da Hespaña enteira, son para Galicia un novo aldraxe, un novo aldraxe superior a todol-os hasta agora recibidos, unha cadea mais que o centralismo cinque oo pescozo do noso pobo; mais con ser irreparable o perxucio que os novos aranceles causan na economía da nosa terra; esa perda material non é nada en comparanza do que esa medida supón de escarnio e de bulra pra a dinidade do pobo galego.

Istes novos aranceles aumentan os dereitos de introducción do millo, do centeo e mais do trigo. Istes aumentos sinifican a ruina a prazo fixo da nosa riqueza gandeira que é a nosa principal riqueza. Non imos a demostrala, porque en todol-os xornaes e en total-as pubricacións de Galicia están saíndo istes días a cotío artigos e traballos sobor do mesmo tema; non vamos a demostralo porque o troque libre d'estes productos e o fundamento consustancial da nosa economía; tan absurdo sería poñernos a teacer agora estadísticas sobre d'iste asunto, coma tratar de demostrar que vivimos na veira do Atlántico; hay verdades tan evidentes que un intento de grabanza faría oscurecelas; esas verdades, que xa son dogmas na concencia pobo, non se demostran nin se proban: amóstranse e apróbanse nada mais.

Pois n'isto radica, mais que en nada, o grave aldraxe que agora acaba de recibir Galicia. O troque libre dos cereás veuse pedindo en Galicia dende que Galicia ten concencia das suas necesidades económicas. En todo o século presente non houbo manifestación do pensamento agrario galego na que non figurase como a arela mais fonda da redención labrega a liberdade de troque para os proitos da terra. Ista arela é tan sagrada coma o dereito á propia eistencia, que é o primeiro dos dereitos humanos, porque a liberdade arancelaria pra Galicia significa morte emigración e escravitude. Por iso o novo arancel esquecendo e despreciando istas arelas non somentes mata a nosa riqueza sinon que fire a nosa dinidade e as nosas concencias no que teñen de mais puro, de mais sagrado e de mais human.

Pero inda hai mais: estes novos aranceles perxudican a casi todol os pobos da Hespaña, pero tamén os benefician a casi todos; o único pobo perxudicado sin beneficios compensadores é Galicia: nin un soilo producto da nosa terra atópase beneficiado por esta reforma arancelaria.

E aínda hai mais: estes arancés non gravan as materias primas das grandes industrias protexidas, soilo resulta gravada a materia prima da industria gandeira galega.

E aínda hay mais: o Ministro que sancionou estas reformas foi Cambó, nacionalista catalán. Si con él no ministerio da Facenda pasan istas cousas, o que podemos os galegos agardar dos gobernos centralistas, sinon aldraxes, miserias e tiranías?

E aínda hai mais: istes aranceles son feitos pra aumentala renda das aduanas, pra salvar a crisis da Facenda. Pero a protección dos cereales non aumentará unha peseta os ingresos, porque os labregos non mercarán no ex-

tranxeiro o millo, sinon que adoarán as suas terras a producir e baixarán o número de cabezas do gando nos seus cortellos; en troques ista medida arruinará a Galicia.

Por iso nós protestamos co-a maior dinidade, mais tamén co-a maior violencia contra o aldraxe que acaba de faguérselle o noso pobo. E a todol-os galegos nos diriximos pra que pensen si non é chegada a hora de esixir pol-a forza aquilo que por dereito se nos nega. Debemos pensar todol-os galegos que nada conqueriremos sinon é por nós mesmos, que nada conqueriremos namentras non teñamos un goberno noso na nosa Galicia para rexir os nosos destinos. Todol-os organismos nacionalistas mandamos ao goberno a nosa forte protesta; axudaremos a total-as campañas; a ver si todol-os galegos xúntanse ao fin a defender aquilo que nos é común a todos: a terra, o dereito da nosa Terra, a nosa santa Terra que nos criou, que nos mantén e que é o único gran valor imponderable que inda non poido levarnos o centralismo.

A IV Asamblea Nacionalista

Según ten acordado o Consello Permanente das Irmandades, os días 18, 19 e 20 d'este mes terá de celebrarse en Monforte a IV Asamblea Nacionalista.

O cuestionario é o seguinte:

Tema 1.º Plan de organización definitiva das Irmandades da Fala e do Partido Nacionalista Galego.

Tema 2.º Plan comreto de propaganda nacionalista.

Tema 3.º Plan de estudos a realizar pol-as Irmandades.

O reglamento porque se terá de rexir é o seguinte:

Artigo 1.º A esta Asamblea somentes poderán concurrir con voz e voto: 1.º Os membros do Consello Permanente do Directorio das Irmandades da Fala. 2.º Os persoeiros das Irmandades. 3.º Os irmáns que residan onde non haxa Irmandade e que concorriron as Asambleas anteriores e firmado as actas das mesmas.

Artigo 2.º Cada Irmandade poderá mandar á Asamblea hasta tres persoeiros con voz e voto e terá tres votos calquera que sexa o número de persoeiros que mande. Estes persoeiros irán provistos das correspondientes credenciales expedidas pol-o Consello da Irmandade ou sociedade respectiva. Os assembleístas das clases 1.ª e 2.ª terá cada un, un voto. Os demais irmáns que concurren somentes terán voz no caso que a Asamblea especialmente os consultase. Non se permitirá a entrada ao que non sexa membro d'unha Irmandade ou firmantes nas Asambleas anteriores.

Artigo 3.º Somentes se tratarán os asuntos que van no cuestionario adxunto. Para tratar outros, teñen que pedir por escrito á Mesa, pol-o menos cinco persoeiros, e a Asamblea decidirá si se trata ou non.

Artigo 4.º De cada punto só poderán falar dous assembleístas en pró e dous en contra e logo someterse a votación.

Artigo 5.º A Asamblea será presidida pol-o Consello Permanente para o exame das credenciales e logo pol-a mesa que se elixa.

Artigo 6.º Das sesións da Asamblea levantarase pol-o segredario acta circunstanciada que firmarán todol-os asistentes.

Artigo 7.º Os irmáns comprendidos na crás 3.ª terán que pedir as suas credenciais ao Consello Permanente.

TEATRO GALEGO

Algo sobre a arte dramática

I

A dramática galega foi iniciada aló pol-o ano 1882 co ensaio de don Francisco María de la Iglesia; mais a sua consagración acaeceu en 1903, cando os entusiasmos do primeiro actor Eduardo Sánchez Miño (1) e do actor varias veces laureado don Galo Salinas Rodríguez, xuntaron na Cruña un fato de bós aficionados que pouco despois constituíronse en sociedade co título de "Escola Rexional de Declamación."

Aquela xornada gloriosa para a literatura galega, deixóunos, como amostra do moito que se pode facer con boa vontade, a doce lembranza do estreno de ¡Filla...!, de Salinas, que foi premiada con ruidentes aprausos; e pouco despois o das xoias de mais valer con que hasta o d'agora conta a dramática rexional: os dramas "A Ponte", "Minia" e "Mareiras", de Lúgris Freire.

Ao se fundar os "Coros populares", estas agrupacións, por propia necesidade, crearon, como complemento necesario para a realización da sua labor, cuadros de declamación que deron vida a novas obras. Entre elas figuran: "Pra vivir ben de casados..." de Leandro Carré; "A retirada de Napoleón", de Xavier Prado, etc. A compracencia do público foi tan grande que o número de representacións galegas chegou a alcanzar cifras altas. No ano 1919, término medio entre estes derradeiros, celebráronse 52 funcións, e foron estrenadas 14 obras de diversos autores.

Hoxe, pois, podemos dicir que o Teatro Galego é unha realidade xa que se ben é certo que apareceu aínda moitas obras sen valor algún; producidas por xentes que carecen dos coñecementos precisos para faceren unha labor de proveito, hai tamén quens, sentindo verdadeiro cariño pol-o Teatro, e con fé no seu porvir, estudan e traballan procurando seguir un camiño de melloramento na arte que practican.

Agora ben, o que ocorre cos autores pasa tamén cos actores. E así como moitas das obras que se representan son defectuosas, unha gran parte dos "actores" que trepan o escenario non só non teñen os coñecementos necesarios á todo artista dramático, senon que nin siquer se preocupan de cabilar no que é indispensable saberen para dar vida ás figuras que han de xogar. De tal xeito preséntanse algunhas pezas que, aínda se foran produto dos mais xeniaes dramaturgos, resultarían ridículas ou grotescas.

A arte dramática, como ningunha outra, ten o poder de impresionar e conmover o público trasmitíndolle en forma moito mais dereita que calquera outra, e d'unha maneira intensa, animada, viva, sentimentos, ideas e feitos que pol-a representación material en que se espoñen e desenvolven están ao alcance de todas as intelixencias.

Pol-a sua orixe e pol-o ambiente en que sempre froe-

(1) Morto na Cruña o 26 de Mayo de 1921, cando novamente, cheo de entusiasmo, dispoñíase á continuar a labor iniciada. Ben merecía un homenaxe de agradecemento e lembranza dos bós galegos.

cen é tamén a mais popular. Pero así como é a mais popular é a mais difícil.

Tendo en conta que o verdadeiro artista dramático debe abdicar da sua personalidade para encarnar as individualidades variadísimas, e moitas veces opostas ao seu propio carácter, que ten de xogar nas obras que representa, ben se comprende que o actor debe poseer aptitudes e coñecementos vastísimos.

A arte dramática encerra, como todas as demais, unha parte técnica; de sorte que o actor, inda que moitos coiden que non debe sempre a maioría dos seus triunfos na escena ás cualidades adquiridas pol-estudo.

A escena galega ten grandes diferencias coa castelá pol-o ambiente das obras, pol-a psicoloxía dos tipos, pol-a forma da expresión, e mais pol-as modulacións características da fala; de sorte que quens se adiquen á dramática rexional, débense especializar no estudo de canto costítue a vida rural e vilenga de Galicia.

Un vello actor.

"Heroica Cobardía", por Ramón Fernández Mato

Con grande aplauso estrenóuse no Teatro Principal da Cruña, nos derradeiros días do mes pasado, a comedia d-este título, da que é autor o notabre literato e comediógrafo, noso moi querido amigo Ramón Fernández Mato, un dos mais sólidos valores inteleituás de Galicia.

Todol-os xornaes de Galicia e moitos de fora adicaronlle cumpridos comentarios e unánimes gabanzas; non imos, pois, nós a facer unha crítica xa feita. Somentes diremos que a obra, literariamente, é un gran acerto do que pode estar satisfeito o autore. Non é unha obra de comenzo ou d'esas que fan esperar, como por eixemplo "Muros de Oro" do mesmo autore; é unha obra de consagración. Fernández Mato, despois d'esta obra, queda consagrado coma comediógrafo. O estreno tivo un éxito coma non se lembra outro na Cruña de ningún autor galego, e foi tamén a millor obra de lingua castelá estrenada iste ano na Cruña, onde se estrenaron obras dos mais consagrados autores hespañoles.

Técnicamente encerra unha gran dificultade que revela no autore unha audacia creadara, cal é unha obra teatral sin a pasión do amore humano, do amore sexual, que casi sempre é no teatro o primeiro motivo emocional. En troques en toda a obra síntese con fondura en todo instante un intenso amor a Terra que fai vibrar ao público dende o seu comenzo ó fin coa mais forte emoción.

Doctrinalmente a obra encerra grandes enseños; esencialmente patriótica, é unha obra galega de verdadeiro ambiente, de verdadeira realidade galega de punta a punta.

Esta obra, inda que escrita en castelán, merece os nosos mais fervorosos aprausos, porque a nós nonos parece mal que se fale de Galicia en castelán, inda que quixéramos millor que os galegos o fixesen en galego; o que nos parece mal, o que non podemos tolerar é que se fale mal de Galicia, inda que se fale en galego. E decimos esto para poñer de eixemplo a obra de Fernández Mato a todol-os escritores galegos que escriben en castelán do xeito que o fai o Sr. Linares Rivas, que interpreta as nosas coma protestas contra o idioma de Castela; e non é así: nós protestamos contra as obras que, ademais de seren malas, son un aldraxe para a nosa Terra.

Reciba, pois, o Sr. Fernández Mato unha apreta forte de cordial agradecimento para o bon galego, un saúdo de sincera admiración pra o literato e unha entusiasta embora pol-o seu gran trunfo.

O Congreso da Raza Irlandesa

No Congreso da Raza Irlandesa celebrado derradeira-mente en París e que revestiu unha grande importancia, rexistráronse detalles curiosos que os nosos leutores agradeceralles coñecer.

O Congreso foi presidido por O'Donnell, duque de Te- tuán, grande de Hespaña e fillo de Leopoldo O'Donnell, que foi general e político hespañol.

Asistiron, entre outros, De Valera, a Sta. Mac Swiney, irmá do mártir alcalde de Cork, O' Briens, Jeats o poeta Irlandés, algunha de cuyas producións coñecen os lectores de A NOSA TERRA; os anteriores alcaldes de Cork e Dublín e Lord Ashbouro, que asistiu as sesións vestindo o traxe típico de Irlanda.

"A maioría dos discursos versaron sobre a necesidade do cultivo do idioma gaélico e as manifestacións feitas en tal senso poden condensarse na expresión de Lord Ash- bouro: "O uso do inglés é un síntoma da nosa morte nacional".

Tomáronse tamén acordos secretos, relativos á atitude que para o futuro debe adoptar o Estado libre de Irlanda.

O Sr. Leonardo Rodríguez e a Casa de Galicia

O Sr. Leonardo Rodríguez, exministro e deputado por Chantada, fóra elixido Presidente da "Casa de Galicia" en Madrid, e pol-o visto fai unhas días que presentou a dimisión irrevocabre do seu cargo fundada en incompatibilidades de orden moral e patriótico; é dicir, que o señor Leonardo Rodríguez déuse conta de que aquela casa non era mais que unha casa de xogo, na que ten mais socios castelans que galegos e que o galeguismo d-aquelas xentes está somentes na punta da raqueta, e non quixo encubrir co seu prestixio aquela bastarda Babilonia de arri- vistas e groupiers.

Nosa embora ao Sr. Leonardo Rodríguez. Nós, os na- cionalistas que fai tempo vemos n-él unha esperanza que se adiviña na lonxanía difusa, confusa e profusa da actual política galega, pensamos que a renuncia que acaba de facer é un acto d-ises que fan dicir a todos: "aquí hai un home". Con ise acto fixo mais ben a Galicia que con cen discursos; porque a dinificou e fixo pensar as xentes que inda hay políticos con fronteiras morales.

Os mellores viños de Jerez son os de

MARIN e CINTADO

dirixirse ao seu representante para

Galicia:

LINO PEREZ MARIÑAS-Rua Real, 43 - A Cruña

V^{da} de H. Hervada **Casa fundada en 1865**
A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍ- COLA, PEDRAS Francesas pra MUIÑOS, ETC., ETC.

Phileas Lebesgue

Fai unhas datas «La Voz de Galicia» publicou un arti- go de Francisco Camba que titulaba "Hace falta un fran- cés que hable de Galicia".

Hoxe publicamos esta carta, traducida do francés, que o Presidente da Irmandade da Cruña recibiu do grau lite- rato francés Phileas Lebesgue.

Dende fai tempo Vicente Risco ven sostendo corres- pondencia con Phileas Lebesgue, do que xa temos falado moitas veces n'este boletín. Non é agora cando Lebesgue preocupase das nosas cousas pois xa ten publicado al- gúns intresantes artigos nas milloras revistas francesas falando de Rosalía, Curros, Pondal, Cabanillas e López Abente ademais do movemento nacionalista galego.

Esto proba unha vez mais como nós, os nacionalistas, facendo toda a nosa labor no idioma Patrio damos millor a coñecer os nosos valores que os literatiños que ainda coidan que o galego non está capacitado para esto.

Sr. D. Francisco M. Balboa, revista A NOSA TERRA.

Meu señor e amigo: Estou profundamente agradecido á prontitude con que me ten mandado "Vento Mareiro", do voso grande poeta Ramón Cabanillas. Trátase d'unha obra de grandes voos, vigorosamente sentida e chea do encanto lírico que é escrusivo da vosa raza e da vosa Terra.

Daréi conta d'ela n'unha das miñas próximas crónicas no "Mercure de France" (letras portuguesas) e n'algunha outra parte, si a ocasión axuda.

Intentarei dar a traducción de algúns trozos de esta maravillosa poesía. E indispensable que a Francia co- nosza a Galicia, sua irmá céltica.

Gracias de todo corazón e créame seu lealmente afec- tísimo e recoñecido,

Phileas Lebesgue.

NOVAS

A Irmandade da Cruña

Fai días comenzou a arreglarse e a decorar o local d'esta Irmandade. Encarregouse de facer o decorado o noso querido irmán o gabardo escultor cruñés Indalecio Díaz Baliño. O proxecto é magnífico e rebela o gusto ar- tístico do irmán Indalecio. A xuzgar por él e pol-o que xa hai feito, o local da Irmandade terá de quedar moi ben e primorosamente decorado.

Despois de se rematar as obras comenarase a facer unha grande labor de propaganda desenrolando varios proxectos que ten a actual Xunta direitiva.

En Villagarcía

Nos salons do "Nuevo Club" de Villagarcía ten estado aberta ao público até fai poucas datas, unha notabilísima esposición da arte galega. Os espositores foron os nosos queridos irmans o escultor Francisco Asorey e o pintor Carlos Sobrino. Aínda fai pouco mais de un mes que o noso Castelao clausurou a súa no mesmo salón.

Temos noticias de que Asorey e Sobrino levaron tra- ballos preciosos e todos de asuntos galegos. Asorey es- puxo tamén a súa "Naiciña", tallada en madeira, que su-

pera, según os que a viron, á "Picariña", que espuxo na Irmandade da Cruña e da que xa falamos n'este boletín.

Asorey pensa vir á Cruña dentro de moi pouco tempo.

Os dous queridos artistas, tan grandes e tan galegos, foron moi gabados por cantos tiveron a dita de ollar a exposición. Nós felicitámoslos tamén o mesmo que a directiva do "Nuevo Club" que en pouco tempo leva feito dúas xornadas gloriosas en favor da nosa arte.

O coro "Toxos e frores"

En Xunta general celebrada por esta entusiasta e patriótica colectividade do Ferrol foi elixido presidente o noso querido irmán na causa Xaime Quintanilla. Así nol-o comunica n-un atento E. A. M.

Parécenos admirablemente a elección do irmán Quintanilla para este cárrego, sabendo como nós sabemos o coñecimento que tén da nosa música popular da que é gran propulsor o coro "Toxos e frores".

Felicitamos ao coro por este acerto ao elixir o presidente, e ao irmán Quintanilla desexámoslle moito acerto na súa xestión, da que agardamos moito bó para a nosa folk-loore.

O primeiro cacique

A Alfonso de Cal, meu amigo.

Aló n-un conto de Rubeira, preto do encantado río Mandeo, e no tempo en que comenzaban a funcionar os nosos concellos, estaban en parlamento un fato de ladrós. Un d'eles, o mais vello, dicía:

—Meus compañeiros, a nosa honrada profesión de aproveitados vai de mal en peor. Agora hai uns novos consellos e xugados, no lugar das xurisdicións, e pra que os nosos roubos sexan como Deus manda, temos que nos poñer d'acordo con aqneles zumezugas da pruma. Ningún de nós sabe ler nin escribir, e temos que furtar a xeito de raposo mariñán. ¿Non vos parece, meus quiridiños, que Xacobe de Porzomillos, que é un ladrón de fino, e moi lido, debía entrar na nosa compañía? O señor de Porzomillos, que hoxe ven a nos honrar co'a súa visita, tén a palabra.

—Eu—dixo Xacobe, o aludido—non teño incomenente de ser voso compañeiro. Conozo ben os segredos dos novos concellos e xugados, e coído que o negocio pra nós será de gran proveito se nos levamos e traballamos como irmáns. ¿Qué proba queredes de min pra que eu sexa voso compañeiro?

—Moi pequena, abofellas. Por alí abaixo, n-aquela congostra que vai a Betanzos, está pasando o señor Chinto do Couto, que leva un burro cangado de pan. E' home

moi avisado. Se logras quitarlle o pan, serás noso compañeiro de primeira crase, con voz nos nosos consellos e decisións.

E sin ouvir mais, saeu cara á congostra o Xacobe de Porzomillos. Foise poñendo pouco a pouco á caron do burro, que levaba Chinto do ronزال; e foi quitando as febillas da cabezada hasta que o animal quedou ceibo no medio do camiño. Pero o vivo de Xacobe seguía co'a cabezada posta na súa eabezada, ocupando o lugar do burro, con perdón.

Os ladrós apoderáronse entón do pan. E Xacobe seguía tras do probe Chinto; que non se decatara da falca-truada, e seguía co ronزال na man coidando que a él iba axuntado un animal de catro patas.

Mais, ao chegare á unha revolta da congostra, ollou pra trás, e dixo:

—Pardiolas! ¿E o meu burro?

—O seu burro son eu.

—Seique tés ganas de leria zulo o meu burro?

—Xa non está no mundo dos vivos.

—Espíricate craro se non quês que te esmirole.

—Atenda señor Chinto. O seu burro era eu, como xalle dixen. Meu pai botóume unha mala fada e n-aquel animalíño me troquei durante tres anos, que estiven na súa compañía. Mais, fai namais que us minutos, finóuse o encantamento, e tornei de novo á ser cristiano.

E tales razóns lle añadeu, que o señor Chinto quedou convencido.

—Boeno, vaite con Deus; que mal burriño o non fuches no tempo que me serviche.

—¿Cómo irme? Ca! non señor. Vosté tenme que pagar unha indemnización, senon levareino á diante da nova xusticia, onde con arreglo á lei, pagaráme os danos e traballos que pasei no seu servício.

E tamén aquí empregou tales artes e razonamentos, que bon do labrego entregoulle cinco pesos pra romatar a festa en paz.

Como alma que leva o diaño foise Xacobe de Porzomillos xunto dos ladrós.

—¿Xa tedes no voso poder o pan?

—Xa, ho.

—Pois ademais aquí tedes cinco pesos que Chinto me deu como indemnización...

—¡Viva o noso compañeiro! ¡Viva Xacobe de Porzomillos!—berraron cheos d'entusiasmo. Dende hoxe o mundo é noso.

N-aquel momento un raposo fuxeu cara ao seu tebo, medoñento e desconfiado; un can ouveón ventando pestes e males; e un corbo atravesou o ar pra caer sobre un paxariño, en descenso súpeto e trunfal.

¡Era nado o primeiro cacique!

Asieumadre.

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Significan o máximo d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

IRLANDA E GALICIA

Boletín Irlandés

Copiamos do Boletín Irlandés, núm. 84, que publica a Delegación Irlandesa en Madrid, Ayala, 144.

"Para descubrir os primeiros lazos que uniron a Irlanda coa península Ibérica, temos que descamiñar as lonxanas edades de aquela época de que nos fala a tradición, cando a comitiva do rei Milesio, de Galicia, embarcaron en Brigantia (hoxe a Cruña), para as costas de Irlanda, mais de mil e cincocentos anos antes de Jesús Cristo.

A expedición iba mandada por Ith, tío de Milesio; foi costeando a costa cantábrica e Francia hasta que ao remate chogou ao NE. de Irlanda e desembarcaron na parte que forma hoxe o condado de Donegal.

A expedición foi amistosamente recibida pol-os fillos dos últimos reises; pero ao retornar aos seus barcos Ith, foi morto por espía, pol-os Tuatha da Danaan, donos entón do país, pois temían que poideran retornar con un grande exército e conquistar Irlanda.

Lugaiah, fillo de Ith, recolleu o mando e tornou a Galicia, organizándose unha nova expedición, que foi preparada pol-os fillos de Milesio. Esta flota era formada de trinta e un barcos, que compoñían unha forza considerable. Entre os expedicionarios iban os oito fillos de Milesio, suas nais, Scota e Lugaiah, fillo de Ith.

Moitos d'estes barcos perdéronse a causa de unha tormenta. Eremon, un fillo de Milesio, desembarcou ao Norte, e seus irmáns Eber e Amergun, con sua nai, Scota; Lugaiah, desembarcaron no Sur de Irlanda, n-un lugar chamado hoxe Bantry.

Estos loitaron contra os Ivatha da Danaan e derrotáronos. Scota, a esposa de Milesio e a nai de Eremon e Eber, foi morta na batalla.

Eben, entón, foise ao Norte, uníuse con seu irmán Eremon e derrotou aos Tuathas da Danaan na hoxe rexión de Meath. No combate morreron os tres príncipes dos Tuatha da Danaan.

Os irmans partiron o país entre eles; pero houbo grandes desavenencias, orixinadas, según se cree, pol-os celos da muller de Eber, que non estaba moi contenta coa parte destinada ao seu home. Enablouse unha batalla na que Eber perdeu a vida. E así foi como Eremon, o fillo do rei galego, convertiuse en primeiro monarca absoluto de Irlanda. Retendo a soberanía, partiu o país entre seus parentes. Foi Tea, a muller de Eremon, neta de Ith, quen determinou o lugar da residencia real, pol-o que se chamou Teamhair.

A longa ringleira de reises irlandeses todos teñen a súa descendencia directa de Milesio. Dende o desembarco dos Milesios hasta a chegada de San Patricio, 118 reises rexiron os destinos de Irlanda. De estos, 116 foron descendentes dos príncipes milesianos. Esta é a dinastía de casas reinantes mais grande que se ten conocido.

Falando da lingua gaélica, que según a opinión xeral foi introducido por Milesio, dice Moore:

"Moitos son e innumerables son os monumentos, evidentes e mudos, con que os irlandeses poden atestiguar a súa antigüidade; pero un dos testimoños de maior gloria en este aspecto teno seu idioma, rico en probas sobre este particular, pode decirse, que é casi o único dialecto existente da mais antiga das linguas europeas, cuya lingua, chámese como queiran chamarlle, según as teorías que cada cual elixa, xa sexa jafetico, cimeriano, pelasgo ou celta, é considerada xeneralmente de ser traída do Leste pol-os Noachidal nos tempos mais remotos, e considéraselle como o primeiro portador da civilización que arribou a Europa. No dialecto escrito e falado desta lingua primitiva, temos un monumento que atestiga a grande antigüidade do pobo a que pertence, cuio testimoño non pode deixar dúbidas de ningunha crás.

LINO PEREZ MARIÑAS

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

BIBLIOGRAFIA

"Mal de moitos" e "Trato a cegas", obras teatrás galegas por Euxenio Charlón e Manoel Hermida, con un prólogo de Antón Villar Ponte e dibuxos de Cebreiro.

N-un tomiño moi ben aparelado, que honra á imprenta de "El Correo Gallego", do Ferrol, publican os nosos quiridos irmans Charlón e Hermida as duas pezas teatrás moi conocidas pol-os públicos galegos, "Mal de moitos" e "Trato a cegas".

Estes traballos literarios teñen un valor mais grande do que coñecían moitos. Elas refrescan o íntimo espírito do noso pobo e servirán, mellor que ningunha outra cousa, para que no porvir

poida ser estudiado o etnos da nosa raza. Roma deixou moimentos de todol-os ordes, acueductos, circos, pontes, pazos, obras literarias de carácter xeneral, etc. Mais non deixou teatro orixinal que refrescase os seus costumes, a vida do fogar, porque os seus comediógrafos foron imitadores, tradutores sinxelos dos gregos, e agora os que queren estudar o modus vivendi familiar dos romans atópanse con que non teñen elementos necesarios para cosocer a vida daquel pobo.

As obriñas dos nosos ditos irmans refrescan perfectamente a psicoloxía das nosas xentes, particularmente a daqueles andróxinos que por ñorancia desgaleguizan ridiculamente os nosos valores.

As obras teatrás de Charlón e Hermida están escritas en ga-

lego corrente, como corresponde a eses traballos que deben de reflexaren, o mais exactamente posibre, a realidade. Non teñen certamente, a nota antipática e noxenta dos portuguesismos que empregan aqueles que, non conoscendo d'abondo a nosa fala, queren aparecer como capacitados nestas cousas, producindo unha anarquía inconsciente e desgaleguizante.

A nosa embora mais cordial aos irmans Charlón e Hermida.

MÁGOAS, poesías por Juan Vidal Martínez, c'un prólogo de Luís Amado, Pontevedra, 192.1--26 paginas en 16.º

Obra primeiriza de un novel rapaz, as composicións das breves follas de este libríño acusan un poeta que, de non se torcer do camiño emprendido, pode chegar a ter posto de significación no Parnaso Galego.

O léxico que emprea o Sr. Vidal, inda que non correto às veces, vese, sin embargo, libre dos barbarismos que afeian outras obras, e a forma, sentimentos e delicadeza dos seus versos, próbanos que se inspirou en bós exemplos.

Por eso temos de lle aconsellar que fuxa cal do demo do uso e abuso no que algúns incurren, coidando daren nota do patriotismo, ao nos falaren a cada paso, e aproveitando o mais pequeno pretexto, dos caciques e do caciquismo....

A poesía debe sere algo mais elevado e procurare mais altos ideás, para que cando fustigue e censure vicios e defectos sociás, teña de o facer como e cando deba, para causare o efecto, e non a tontas e a tolas, botar man do manido e cursi tópico, que tan mal senta no que se precie de verdadeiro poeta e se ha de selo do seu tempo e a sua raza.

Porque no Sr. Vidal Martínez vemos, unha esperanza e un poeta da terra, é pol-o que nos permitimos éstas recomendaciés.

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

A Nossa Revista: Chegan a esta redacción os números 6 e 7, baixo unha soa cuberta, de tan simpática publicación, mensario fundado pol-os alunos da Facultade de Letras do Porto.

E, a dita *Revista*, crara amostras dos nobres azos da mocidade portuense que non consume estereamente, como e fai a de outros centros docentes que ben conocemos, o tempo de vagar que lle deivan libre os seus estudos.

Entromedeas da distinta colaboración que cos seus traballos enche as follas do mensario figuran algúns escritores galegos.

Nos números de que tratamos hoxe ven o sentido conto *Neboeiro*, que firma noso irmán Leandro Carré.

Humus: E outra nova revista do Porto e tamén órgano da xuventude d'aquela cibdá, xuventude chea de xenerosas aspiraciós, e que sinte na sua alma a inspiración do arte.

Como fai *A Nosa Revista*, do mesmo xeito *Humus* da acollida, no intercambio literario entre os dous países irmáns de allende e aquende o Miño, intercambio que non é mais que o rexurdimento do iniciado en non muy lexanos días, a traballos de escritores da nosa terra.

No número primeiro trouxo unha delicada composición e no número 2 un fermoso conto dos dous irmans Carré Alvarellos, Eugenio e Leandro, respectivamente.

"LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación con habitacions independentes. Preto das administracións dos coches ao ferrocarril e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS

Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154--A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER
Teléfono número 459

NELSON LINES

Servicio dende o porto da Cruña para os de Río Janeiro, Montevideo e Bós Aires

PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Highland Laddie	26 de Febreiro
Highland Piper	12 de Marzo
Highland Glen	26 de idem

Precio en terceira clase: 484'60 ptas. — Admite pasaxeiros de todas clases e carga

Precios da pasaxe en terceira clase; De 10 anos en adiante, 484'60 ptas.; de 5 a 10 anos non cumpridos, media pasaxe; de 2 a 5 anos non cumpridos, cuarta pasaxe; menores de 2 anos gratis.

Os pasaxeiros teñen que presentarse n-esta Agencia CINCO DIAS antes da data de saída, a fin de cumprir todol-os requisitos das vixentes disposicións.—Para mais informes dirixirse ao seu Consignatario

Nicandro Fariña - Rua de Compostela (esquina á Praza de Lugo) - A Cruña

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña.

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

Vapor ESPAGNE 23 de Febreiro

Prezo en Cámara para o vapor LAFAYETTE

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	»	600	600

Prezo en Cámara para o vapor

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías).	Ptas.	1.350 a 3.600	1.495 a 3.906
Segunda.	»	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	»		

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Liña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos, a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA

VAPOR

Prezo en 3.ª cras

21 de Marzo

DESIRADE

484'60 pesetas

Prezos en cámara

		Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.						
En primeira crase.	»	1.475		1.675	1.725	1.950	2.435
En segunda crase.	»	825		825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos— medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

ANTONIO CONDE (Fillos)

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS